

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS OBXECTIVOS DO MILENIO**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade comezou no mes de xuño a campaña Voces de Aquí e de Alá Revirando o Milenio, campaña que xirou ao redor dos obxectivos de desenvolvemento do milenio. Son oito obxectivos que atenden as principais problemáticas sociais na escena internacional.

O día 2 de xuño, ao remate da Asemblea Xeral de Socios, tivo lugar a presentación do Manifesto polo necesario cumprimento dos obxectivos do milenio, nacido da man de D. Isaac Díaz Pardo, arrancando así o inicio da campaña. O manifesto, ao cal poden adherirse tanto persoas coma institucións, reproducése a continuación:

### **MANIFESTO**

Reducir á metade a proporción de poboación que vive en situación de extrema pobreza de aquí a 2015, asegurar a educación primaria universal, deter a propagación da SIDA e outras enfermidades... non hai un entre os oito Obxectivos do Milenio que poida dicirse que non constituía unha prioridade para a humanidade. Por iso, non se trata xa de clamar a xustiza duns obxectivos que todo o mundo aplaude, pero si de denunciar, alto e claro, que no primeiro lustro deste empeño, a realización dos Obxectivos do Milenio camiña a paso frouxo e oscilante, e se as cousas seguen así, en 2015, a maioría dos Estados comprometidos con este nobre propósito, darannos, unha vez máis, outra decepción.

Precisamente un gran esforzo para dotar a individuos, a familias e a economías enteiras das infraestruturas de servizos de saúde e de ensino máis elementais. Non se poden satisfacer estes dereitos universais e loitar contra a fame sen combinar formación e capacitación coa mellora do acceso aos recursos produtivos, sen a mellora das rutas e dos servizos de transporte, sen xestionar adecuadamente e de xeito sostíbel os recursos hidráulicos e naturais, etc.

Os Obxectivos do Milenio son iso, un ambicioso conxunto de intervencións e de programas que demanda considerábeis esforzos de numerosos sectores e en múltiples campos. Trátase de obxectivos alcanzábeis cos niveis de desenvolvemento e riqueza que logrou a humanidade e compatíbeis coa esixencia da adopción de estratexias claras de desenvolvemento por parte dos beneficiarios que permitan un investimento ben orientado, de forma que máis axuda signifique tamén máis eficacia. Para os países ricos, as sumas da axuda (0,54% do PIB en 2015) son irrisorias; pola contra, o seu efecto no conxunto de países pobres pode ser amplamente enriquecedor.

As sociedades civís do norte e do sur teñen un importante papel que cumprir. Nun caso, para reclamar dos poderes públicos o cumprimento, en tempo e forma, dos

compromisos contraídos, e mesmo involucrándose directamente no acompañamento dos procesos de desenvolvemento; noutro, fiscalizando a súa evolución para que os recursos sexan utilizados de maneira que permita a transformación anhelada e asegurando o recuo dese escepticismo que moitos albergan respecto da posibilidade de eliminar a miseria, mellorar a situación da muller ou ampliar as posibilidades educativas desa ampla franxa da humanidade que vive pendurada do planeta. Se nos poñemos, é posible.

Polo exposto, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña apoia e reivindica o cumprimento destes obxectivos que deberán alcanzarse non soamente polas sociedades do sur, senón tamén polas nosas mesmas.